



ANEXO C  
INFORME DE RESULTADOS  
ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

Nº DE PROTOCOLO: 2013/48

**1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE:**

O cultivo do millo forraxeiro sen herbicidas e a produción de millo gran para penso

**2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA/PARTICIPANTE:**

(centro de investigación/CFEA/OAC...)

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

**3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:**

Enderezo: Estrada AC-547 de Betanzos a Mesón do Vento. Km 7

Concello: Abegondo

Provincia: A coruña

**4.- RESPONSABLE: Juan Castro Insua**

Tfno.: 881881801

**5.- INTRODUCCIÓN:**

**Millo forraxeiro:**

O motivo principal desta Ación de Transferencia é establecer unha metodoloxía de traballo, para o cultivo de millo forraxeiro sin utilización de ningún tipo de herbicida, para o control das malas herbas no mesmo. Isto, que para os nosos agricultores-gandeiros antergos, era unha practica habitual, cos métodos intensivos de produción actuais, o cultivo de millo, sin uso de herbicidas, non é un procedemento que os agricultores esteñan convencidos de que se poda utilizar.

O punto mais importante para conseguir unha produción axeitada, simplemente con labores de cultivo, como se viña facendo na agricultura tradicional, fai aproximadamente 30-35 anos para atrás, é a alternativa de cultivos. Despois de cinco anos de utilizar as labores culturais, en dito cultivo de millo, non cultivando mais de dous anos consecutivos na mesma parcela. Esta experiencia nos leva a concluir, que sí se poden controlar as malas herbas, dunha forma eficiente, para obter unha produción igual, ou superior, en comparación con un mesmo cultivo, utilizando herbicidas, en sistema de monocultivo, na mesma parcela un ano tras outro.

**Millo gran:**

Con respecto o millo gran, tratabase con este ensaio, de descubrir o potencial que teñen as terras do Val do Lemos, para a produción de gran, na utilización para a fabricación de concentrados. Por unha parte, intentar recuperar terras abandonadas, que antes se cultivaban, e por outra evitar a importación, en parte, de materias primas, como é o gran de millo, entre outros, en grandes cantidades, de países foraneos como Estados Unidos, Arxentina, etc. Trátase en definitiva, de conseguir sistemas de produción mais sostibles, e menos agresivos no referente a contaminación medioambiental e menor impacto da huella de carbono.



## 6.- MATERIAL E MÉTODOS:

### Millo forraxeiro:

Aquí utilizouse dúas variedades de millo forraxeiro na mesma parcela con dous ciclos distintos de 250 e 350, en ambos os casos sementados en parcela que previamente estivera a cultivo de alfalfa. A fertilización foi a base de esterco de vacún, con cama de palla, a razón de 45 Tn./ha, sin abono mineral nin herbicidas. As labores culturais consistiron en pase de grada de dentes (vertikator) cando o millo tiña 3-4 follas (sobre 2-3 semanas) e logo pase de cultivador, con aproximadamente 35-50 cm de altura.

### Millo gran:

Neste caso sementáronse distintas variedades e ciclos, para tratar de ver cal deles sería o mais adecuado, para a zona do Val de Lemos, en canto a producións, maduración do gran, rendemento do gran e mais a época de recolección, para as labores de mecanización da mesma. Este ano púidose facer a recolección con máquina, que separa espiga, aínda que non lle quita a folla, no mes de novembro. O ano pasado, por exemplo, non se puido facer a recolección mecanizada do mesmo xeito, xa que a humidade do solo non permitía traballar a colleitadora, xa que esta se enterraba.

## 7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Están en proceso de elaboración

## 8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

O 26 de setembro do 2013, fíxose unha xornada na Finca Robles, para mostrar esta experiencia a diversos colectivos da comarca, como estudantes, xóvenes en curso de incorporación, agricultores e gandeiros, técnicos, e outros. Asistindo 42 persoas.

Tratouse nesta xuntanza, de explicar dunha forma detallada en que consistían estes traballos. Primeiro se explica a todos xuntos nun local da finca a metodoloxía seguida a través de fotos, cadros, esquemas, etc. e logo visitando as parcelas a pé de obra. Neste caso, aínda ten mais sentido, aquela frase que dí, que unha imaxe vale mais que mil palabras; ou aquela outra, que tamen dí, ver para crer. E esta visita as parcelas donde os gandeiros e agricultores, se mostran mais abertos, a facer preguntas e suxerencias, alí cas planta diante.

Poderíamos concluir, que este tipo de xornada, ten muy boa acollida por parte daquela xente que quere descubrir, outra forma de producir, ou polo menos prestarse a escoitar algo distinto, o sistema intensivo de monocultivo de millo; sin apenas pensar en alternativas de cultivo, ou outra forma distinta que a de utilizar abono mineral, herbicidas, funxicidas, e altas cargas gandeiras. Cada ano está a aumentar o número de persoas que concurren a esta cita. De feito se van incorporando xente de mais lexos do entorno da finca, co un novo grupo que veo por primeira vez de Castroverde.

## 9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE: